



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E A ASOCIACION DE MUJERES INVESTIGADORAS Y TECNOLOGAS, A TRAVÉS DO SEU NODO ASOCIACION DE MULLERES INVESTIGADORAS E TECNÓLOGAS EN GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS DE FOMENTO E PROMOCIÓN DAS VOCACIÓNS STEM ENTRE A POBOACIÓN MÁIS NOVA, E ESPECIALMENTE NAS MULLERES

Antecedentes

Segundo o artigo 9.2 do estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia aprobado polo *Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos* e modificado polo *Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos*, a Amtega ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións, así como o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e ao uso das novas tecnoloxías.

A ASOCIACIÓN DE MUJERES INVESTIGADORAS Y TECNÓLOGAS (en diante AMIT) é unha asociación nacional, que engloba varios nodos territoriais, entre eles o nodo AMIT-Galicia (en adiante AMIT-Gal). Sen ánimo de lucro, pretende traballar no fomento da igualdade entre mulleres e home na contorna científica e tecnolóxica.

Os principais obxectivos de AMIT son:

- Promover a igualdade de mulleres e homes no acceso á investigación en todas as ramas do coñecemento (Artes e Humanidades, Ciencias, Enxeñaría, Arquitectura, Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais e Xurídicas).





- Sensibilizar a nosa contorna sobre as situacións de discriminación e os mecanismos que levan a ela.
- Conseguir a igualdade de oportunidades para as mulleres investigadoras e tecnólogas nos ámbitos público e privado.
- Elaborar recomendacións e colaborar con outras institucións e organizacións para facilitar o avance das mulleres en todas as ramas do coñecemento.
- Promover a idea de que as mulleres e os homes son igualmente capaces de contribuíren á excelencia intelectual, científica e tecnolóxica.
- Promover a participación e a presenza das mulleres na vida política, económica, cultural e social.
- Promover a integración da perspectiva de xénero nos contidos da ciencia, a investigación, a tecnoloxía e a docencia, así como na súa difusión, como elemento fundamental para acadar a excelencia neses campos.
- Traballar para incrementar o número de mulleres na ciencia e na tecnoloxía, en todos os niveis de formación e exercicio profesional, no ámbito das universidades, os organismos públicos de investigación (Consello Superior de Investigacións Científicas e outros) e as empresas e institucións.

Razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos

Así mesmo, no Consello da Xunta celebrado o 2 de febreiro de 2023 aprobouse o novo Plan para o impulso da Inclusión, Capacitación e Talento Dixital de Galicia, DigiTalent 2030: Camiña en Dixital. Este Plan fusiona os anteriores Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020 e o Plan DigiTalent 2020 nun único instrumento estratéxico e toma o seu relevo para enfocarse no horizonte 2030 coa misión de acadar unha sociedade máis autónoma dixitalmente que non deixe a ninguén atrás.

O novo plan alíñase co eixe estratéxico Sociedade Dixital e Inclusiva da Estratexia Galicia Dixital 2030 e está artellado en tres eixes estratéxicos: eliminar a fenda dixital, promover as competencias dixitais dos profesionais e impulsar as vocación e o talento dixital avanzado en Galicia.





O Convenio de colaboración entre a AMTEGA e AMIT, ten por obxecto seguir traballando na consecución dese obxectivo, o de promover iniciativas que fomenten o aumento das vocacións STEM e aumentar o atractivo vocacional das profesións científico tecnolóxicas entre a poboación máis nova, e especialmente nas mulleres.

Existe unha identidade entre os obxectivos de AMIT e os que constitúen o obxecto do presente convenio.

A actuación que se desenvolverá en base a este Convenio de Colaboración é a seguinte:

PROGRAMA DE MENTORIZACIÓN PARA ESTUDANTES DOS CENTROS DE ENSINO GALEGOS

A achega económica da Amtega ao abeiro do presente convenio ten un carácter de interese público, de acordo co artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia, porque contribuirá a:

- Fomentar as vocacións tecnolóxicas e ao impulso do emprego ligado á economía dixital.
- Crear referentes e visibilizar roles entre o alumnado feminino guiado por profesionais de recoñecido prestixio
- Promover as vocacións STEM e aumentar o atractivo vocacional das profesións científico tecnolóxicas entre a poboación máis nova, e especialmente nas mulleres.

A Amtega financiará as accións do presente convenio, ata un máximo de DEZ MIL EUROS (10.000 €) con cargo á partida orzamentaria 07.A1.571A.781.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Santiago de Compostela,

O xerente da Amtega

José Luis Somoza Digón

